

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redaución e Ademinstiración

Rúa Real, 36 - 1.^o

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.
PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.^o de Xaneiro de 1928



Núm. 244

AO DECORREL-OS DIAS

Na monotonía, que leva camiño de facerse endémica, dos días que vivimos actualmente chegamos unha vegada mais ao comenzo d'un novo ano. Verbas obrigadas, estereotipadas, hai para o día de hoxe. Para nós a seguridade de que no 1928 como no 1927 a laboura nosa continuará o seu curso hasta que poidamos definir a entrada do noso novo ano e a nosa nova vida. Que todos e cada un adiquen o seu pensamento e canta aitividade poidan a traballar pol-a Terra Nai no aninovo é o noso desexo con venturas e felicidades para a sagrada comunidade.

N'outro lugar d'este número adicamos unhas liñas ao incendio do Instituto ourensán. Unha desgracia para Galicia que perdeu documentos valiosísimos da sua historia e libros con ela relacionados de gran intrés. Nos momentos autoás de rebusca do pasado para labourar pol-o porvir é mais de lamentar o que xá de sí constitue unha verdadeira desgracia. Que na parte que sexa posibre remediese axiña a sensibre perda.

O trunfo de Nóvoa Santos. Unha nova manifestación do verdadeiro xenio galego revelado en todol-os tempos particularmente con nomes escraceridos e coleitivamente en feitos grandiosos que brilan na nosa historia. E

2
por moitas voltas que se lle dé a necesidade de emigración de Novoa Santos é un mal para Galicia cuíos orixens hai que remediar. Voltar con mais amor os ollos á Terra, adentral-a no corazón, crear os orgaos dos grandes pobos, para que os nosos grandes homes non emigren. A cidade ao xeito de Barcelona faisenos profundamente necesaria. Nóvoa Santos é bon galego e leva a Galicia, á verdadeira Galicia, dentro da alma.

Rua Bela 38-1.
Na Claro, mes de outubro. Loura, na noite
o deserto Ámerica, na noite 8 de setembro.
PAOCOS ADIVINATOS

Coa aparición da «Historia Sintética de Galicia» de Ramón Villar Ponte o actual renacemento literario galego adequire un novo galardón e elementos de estudo que darán froitos para o galeguismo. A Síntesis Histórica de Villar Ponte e a Síntesis Xeográfica de Otero Pedrayo son os mais grandes pilares da nosa renascencia pol-o siñificado que teñen e o proselitismo que farán para a preocupación e amor pol-a Terra. O rexurdimento literario avanza cada día mais e xa vénense preparando novas obras de diversas matérias e de gran valimento.

Continuar así e impulsar vigorosamente este rexurdir é a millor obra que podemos facer no ano que agora comenza.

TEMAS DO DÍA

Remato de leer por segunda vegada unha novela que xa non estará á moda mais que garda fondas esenzas de arte racial: «La Brière» de Alfonso de Chateaubriand. Din que xa morreu en parte a sinxeleza da terra enlamada, de mariñeiros e pescadores do baixo Loire bretón; que xa mordiscada pol-o turismo aixiña será unha peisaxe decorativa. Non-o creo. Na Francia o espírito rexional alenta cada hora con mais forza. Por baixo das xeometrécas coordenadas que trazan na carta os departamentos ademanistrativos latejan fortes e outimistas os peitos das diferentes terras. A literatura, ó igoal qu'en todal-as partes, sondeoulles a y-alma e xa están no camiño de adequirir persoalidá vital amolecendo a rexia disposición dos decretos de París.

Inda en xentes de mais de meia cultura é corrente a teoría da uniformidade espirtoal da Francia. Certamente cavilando sobre a realidade podense sugar proveitosos ensinos. O apotegma París=Francia fai moito (en derradeiro analise endexamais) que non contén toda a verdade. Abonda c'unha pequena lembranza das primaveiras e outonos das letras francesas. N-ista obra redentora ten unha gran parte a xeografía cada hora mais levada ó estudio das unidás naturales de chán e raza.

Xa se pode dibuxar un mapa literario da terra gala. A carón de grandes nomes coma o de Barrés tan lorenés coma francés; cada *terroir* ten sua cadeira no Luxemburgo literario. Soilo úns poucos nomes. Boylesve, a Turena; Margarida Andoux a Sologne ma-

Iencóneca; o Limousin nos irmáns Tharaud; Rod e Henry Bordeaux a Savoia; os viñadores da Borgoña están en Gaston Roupnel; as Ardenas en Theuriet; a Frandres en Pierre Hamp; a Bretaña en Vedel, Savignon, Loti, Farrére. Sería doado e gostoso compretar a lista no posibre. E non son escearios de peixeaxe procurados polos esquirtores pra dar coor local, novidade, ós asuntos, non é estratexia literaria. Son os diferentes acentos ós que dan vida a páxinas de segunda categoría.

Por certo que pensando n'isto lembrase a polémica xúrdida arredor d'un dos libros mais fortes do ano. «La trahison des clercs» de Xulián Beuda. Unha obra qua gastou dez anos de pensamento e istromentaceón non é

froito de cada dia. Beuda acusa os qu'il chama *cleres* (esquirtores, filósofos, moralistas, xente de poder espirtoal: n'unha verba) de guiar mal ós pobos ceibando n'eles as paixóns nazionalistas. Mais coido que nas páxinas esquirtas sinon con enteira xusticia c'unha fondura e outa arte polémica pouco acostumadas, de Beuda, soilo hai unha condeaceón relativa e mais ben dos falsos nazionalismos *políticos* que dos vidales. Pois ben sabe o autor que por riba (e no centro) de gregos e bárbaros erguense as puras torres d'unha *Civitas Dei* en cuias pedras traballaron e traballarán os mais escolleitos espíritos nazionalistas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

VAIDADES ENCOL DO RECO

A matanza do porco por agora é o que preocupa a nosa xente. Cando algúnn veciño se lle ocorre non matar, todos o ollan con pena ¡probe! non che debe andar moi ben de cartos: é o que acostuman a decir.

Os homes cando se reunen, a conversa obrigada é falar do *reco do cura*, do *reco do xuez*, e de quen fixo millor compra. O do crego deulle tantas libras d'unto; dis o Tiago que pasa a maior parte do tempo na casa do abade. Por outro lado o criado do cacique que non se quere ver vencido; apostá que o millor cocho é o do cacique, custoulle menos dez pesos e deulle mais unto.

Os matachís gábanse de matar cada un millor que o outro e tamén tein seus partidarios que discuten, si mata millor o Topas, o Poliño ou o Chinto. Iles están acostumados a isa comedia anual onde menten a todos decindolles que o millor reco é o que acaban de matar, e que en ningún lado comen uns chourizos tan bós, e tan ben feitos, gostan de traballar n'esta casa por que a dona é intelixente, limpa e sabe ben o que quere, non é como outras que nunca están satisfeitas.

As mulleres tein tamén suas vaidades ha-

discusións de quen é a millor mondongueira, quen ata más de presa, quen tempéra millor e quen saíe dispón con más maestría. As criadas na fonte discuten as libras d'unto e os chourizos que as donas fixeron, ocultando a verdade, pra mostrar que a matanza d'elas é millor qu'a das outras. As señorás non falan d'outra cousa, ocultando tamén a verdade dos pesos dos untos, dos xamós e das ducias de chourizos que lle saíron de cada porco. En meio de todas estas, ha algúnnhas que tein vaidade, de non ter vaidade d'isas cousas tan baixas. Isas son as novas ricas.

Tein orgullo en que lle proben os chourizos, e claro, ó comel-os están aprobadísimos, mais cando vira as costas a dona d'eles, todas chiscan o ollo alcontrando qu'os d'elas son muito melhores, unha dis; tein moito pimento; outra, moito allo; outra, escabulliu-selle a man no sal, e a ultema, o ouregan debe ser vello porque non se coñece, non estan ben atados, deixaronlle moito ar dentro.

Os homes tamen alcontran os que a muller d'el temperou millor qu'as dos outros ¡E que muller com a qu'eu teño, é difícil d'atopar! Acostuman a decir.

Pra todas istas vaidades é preciso sacrificar o coitado do cocho que non fixo mal a ninguen sinon comer o que lle deron sen saber pr'o qué, hastra nas suas horas de roncar tería soños que lle mostraban a bondade d'aquela xente tratandoo tan ben *sen intres qu'el vise* porque cando quixese despercatarse xa era tarde.

E pena matar e *comerll'-os figados* a un

animal que acariciamos e vemos o ano inteiro con tanta humildade!

Asin son as persoas. Dan unha esmola de comida, sempre coa idea de terá sua recompensa.

CORONA GONZÁLEZ

Londrés, Nadal, 927.

¡SEMPRE O PRECONCEITO HISTÓRICO!

Un caso acaba de darse aquí en Río de Xaneiro entre o Dr. Martínez Vargas, Rector da Universidade de Barcelona e a colectividade galega d'esta capital que, pón ben as claras, como na Hespaña subsiste o preconceito histórico da inferioridade intelectual do pobo galego creado pol-o imperialismo castelán do seculo XV. E, o caso é o seguinte:

De regreso da Arxentina, detévese no Brasil uns días a Delegación médica hespañola ao Congreso Antituberculoso de Córdoba, xefiada pol-o sabio tisiólogo Dr. Ferrán,—da qual facía parte como unha das principaes figuras o Dr. Martínez Vargas, nome de destaque na cencia médica hespañola—a fin de aquí dar algunas conferencias nos centros médicos de S. Paulo e Rio de Janeiro.

Como ben se suporá a colonia hespañola esforzouse por facerlle grata a estancia n'esta capital á eses homes que traxian a estas repúblicas sulamericanas a voz da cencia patria. E, entre outros homenaxes ofrecellles unha comida nun dos lugares mais pintorescos da cidade, habendo de sobre-mesa discursos, d'entre eles un muito elocuente do Dr. Martínez Vargas, en nome da Delegación.

De ese discurso patriótico cheio de imaxes e períodos altisonantes—un tanto ocos—mercen destacarse ás seguintes palabras.

«Precisamos—dixo con a sua franqueza aragonesa, referíndose a América—mostrar a estos países que España no solo puede

mandarles gallegos sinó también hombres de ciencia.»

Digamos, antes de mais nada, que a frase en si é dunha xusteza ben dubidosa, pois por ela a sociedade hespañola divídese en duas clases: unha a de homes de cencia que nós ampliando o conceito chamaremos «intelectuaes»; a outra a de «gallegos». A primeira formada por unha pequena minoría constituída dos homes cultos. A segunda integraría a grande maioria do pobo: menestraes, agricultores, industriaes, comerciantes, empregados públicos e particulares, artistas, etc.

Sendo así, a palabra «gallego» xa non designa ao que é natural de Galicia, non significa tampouco ordinario, sentido que os hespñoles e americanos lle dan empregando o ton despectivo, e ainda deixa de representar a todo hespñol, como comunmente é empregado o vocabulo en América, para pasar a denominar simplemente unha parte do pobo hespñol—os non intelectuaes.

Mais, aparte a infelicidade da frase, resalta nela o conceito aviltante en que somos tidos os galegos e é aquí onde queremos chegar.

Non achamos motivo de ofensa na frase, no que respecta ao orador, como algúns pretendan ver porque está por demais sabido que non tuvo nin é concebible en persoa medianamente educada que poidese ter a intención de ofender aos galegos, tanto mais que, a maioría dos que o escuitalan e lle ha-

bian preparado aquel homenaxe, eran ga-legos.

A cuestión non é de orden persoal, porque non é un, nin media ducia que así pensan e con os quaes debamos contender: é a maioria do pobo hispano, e si queremos do ibérico-americano, ainda nas suas camadas superiores, e non é con arrufos que habemos de destruir o aviltamento do conceito que nelles predomina, sinón impôndolles o respeito que nos deben mercé da nosa dignidade racial.

Esta dignidade que se nos foi relaxando no espíritu pol-a acción delectérica, longa e constante, da calumnia que contra nós asacou Castela, debemos formal-a reaxindo interiormente até convencémosnos de que ningún pobo ten cualidades superiores ao noso e que por tanto, ser galego antes que unha infelicidade debe ser motivo de xusto orgullo.

É cuestión de civismo en pró de cuia capaci-tación debemos continuar a campaña emprendida sen esmorecimentos, e pol-o con-

trario, con tanta intensidade canto as actuaes circunstancias o permitan.

Referimosnos a ceiba que se fai na nosa terra, por que entre os emigrados a tarefa e pouco menos que imposible, xa pol-a dispersión dos individuos, xa pol-a acción absorbente do medio. Diráse que raro é o nucleo de emigrados galegos que non teña os seus centros ou asociacións menores, de carácter galego; mais o conocimento real de tales xuntanzas nos leva a dubidar da sua acción galleguizadora, dándonos a impresión en xeneral, más que de puntos de resistencia á acción disolvente do medio, de templos onde, de vez en cando se ofician certos ritos en cuia liturxia ninguen crê. Resta a imprensa, os órgãos periodísticos das colectividades galegas: ésta cuando existe —aqui no Brasil non hai imprensa galega— é mais de información que doutrinaria.

Por todas estas circunstancias, creemos que a preparación cívica do pobo galego debe ser feita na propia fonte da nacionalidade, si non queremos seguir escoitando de la-

Endexamais tivo Ourense un oito de Nidal tristeiro; sempre a lediza da festa veos azules no ceo invernizo mais fondo que o d'outros días. O d'iste ano foi mais que triste, tráxico e noxento. Cun noxo que se fará maior ó decorrer dos días.

Pois teremos que chorar sempre unha ausencia. Da Biblioteca gardada na aza norte do Instituto surísa un calado consello, unha emoción inmorredoira que puña un latejar sereo nas horas da cidade. Na madrugada do oito derradeiro o incendio rachou a n'boa nouturnia e todo o día choveron sobr'as rúas as cinzas de vinte e tantos mil volumes. Coma sobre a Lovaina bombardeada.

Inda a cencia dos séculos XVI, XVII, XVIII e parte do XIX, (Teoloxía, Mística, Ascética, Patristeca, Dereito, Moral, Poesía, Filoloxía crásica, Erudiceón, Filosofía, Polémica), flamexou en poucas horas como unha palleira. Toda a apricaceón dilixente en xuntar libros dos nosos mosteiros: Oseira, Celanova, S. Estebo de Rivas do Sil, San Clodio, Montederrama, S. Francisco d'Ourense, Os Flórez e os Muratori, os Montfaucon e os Hugolino, os Borreiro e os Tostado, as Crónicas venerabres, as Coleuceós de documentos, e con eles a Historeia dos Santos, dos Mosteiros e das Vilas qu'ali s'ordeaban en sabias familias fidalgamente imprentadas, encoadernadas pr'a Eternidade xuntamente c'as Letras e Erudiceón galegas do dazanove e a incomparabre coleuceón dos xornais d'Ourense.

A nómina sería ben longa. Entr'as tristuras da Galicia non é a mais pequena ista cruel perda das nosas bibliotecas. Hastra o esforzo individual dos patricios da cultura galega (Murguía, Fernández Alonso, e tantos outros) nin terá o premio de saber gardada pra sempre, na Terra, a querida coleuceón dos seus libros.

Que pol-o menos da tristura d'hoxe veña un ensiño forte e urxente.

bios de todos os Martínez Vargas, hespaños ou non hespaños a lenda da nosa inferioridade racial.

VICTOR M. BALBOA

Río de Janeiro, Novembro de 1927.

N. da R.—O señor Balboa remítenos o precedente artigo que con grande e íntima comprencia pubricamos.

Como se vé, ainda continúa, conceituándose de xeito rebaixante o honroso título de galego e vese tamén que son os hespaños os que áinda continúan tercos e iñorantes

dándonos de cando en vez estas notas desgraciadas. Non nos importa mais que polo que teñen de sintomático e polo grande *cariño* que revelan. E polo mesmo intréxanos facelos resaltar e dar a conocer. Polo demais Galicia e os galegos na hora presentemos xá un camiño trazado e por él imos.

Orgulosos de quen somos, a cabeza sempre outa, moi outa, e nos beizos o desprecio para éstas ofensas e a commiseración para quenes estupidamente as profiren.

O noso agradecemento ao señor Balboa por nos comunicar o feito cousa que proba o seu elevado patriotismo.

FOLLAS NOVAS

HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA
por RAMÓN VILLAR PONTE

Comenza a nos amostrar a nova Editorial NÓS a sua aitividade imprentando libros galegos. Acaba de aparecer o primeiro. O feito xa en si é dino de grande loubanza e faino resaltar mais a calidade do libro que inaugura a tarefa.

Trátase nada menos que d'unha «Historia sintética de Galicia» por Ramón Villar Ponte.

Todo libro galego que aparece, agora vivimos uns instantes de grandiosa produción, é un motivo de ledicia fonda para quens pensamos no porvir da Galicia á base da cultura propia pero ademais no caso presente a ledicia ten que ser mais porque o libro de que falamos aparte de ser un libro mais é un libro cuia necesidade deixabase sentir na Galicia de xeito extraordinario. De todal-as Historias publicadas deixa d'agora non fican exemplares de fácil conquerimento. A de Murguía e a de Vicetto de extensión grande non estaban, ademais de terense esgotado, ao alcance de todos. O «Resumo da Historia de Galicia» que fai anos publicara o inequívoco Florencio Vaamonde está tamén esgotada e non era tampouco o libro que se precisaba.

Agora, n'iste precioso momento en que o galeguismo en todal-as suas manifestacións rexurde maravillosamente era necesaria unha Historia de Galicia que estivera ao alcance de todos e que facilitara o conoscemento e estudos do que foi e representou Galicia en pasados tempos. Aprender n'ela e identificarse con ela para sentirse orgullosos e ollar para o porvir.

Ramón Villar Ponte, conocido d'abondo nas letras galegas nas que ven traballando fai moitos anos, ven a nos ousequiar co libro que necesitábamos, a cubrir a necesidade sentida. Un libro de mais 200 páxinas en letra miuda e mesta, equival a unhas 400 do xeito corrente, onde sintética pero craramente e d'abondo para un profundo conoscemento explica a historia do noso pobo nas edades Prehistórica, Antiga, Meia e Moderna. Escrita ademais, o que é un novo mérito, de xeito ameno e interesante. Toda a nosa Historia ademirablemente condensada nun libro para lér a cotío e aprendel-o de memoria.

Un libro do caráter do que nos ocupa non requiere que se fale dos seus méritos literarios. E unha historia e como tal o necesario é que sexa real, completa e amena. Todo isto ó ten o libro de Villar Ponte que ademais leva un intresantísimo introito da maxis-

tral pruma de Vicente Risco. Leva tamén a xeito de colofón unhas liñas falando do rexurdimento da Galicia no fin do século pasado deica a hora presente. Como se vé á ollada esculcente de Ramón Villar Ponte non fuxiu nin o mais pequeno detalle e feito dino de figurar na nosa historia e de intrés para o desenrolo da vida de Galicia.

Pol-o que fica dito xa os nosos leitores decatáranse da crás de obra que acaba de vir a enrequentar a nosa literatura. Pol-o seu significado e intrés e pol-o que representa o poder ter a man en todo momento unha compreta Historia de Galicia será un libro que axiña esgotarase. Poucos libros como iste resultan tan necesarios,

A Ramón Villar Ponte que a escribiu e á Editorial NÓS que a imprentou e pon á venda compre rendírilles un fermoso testemuño de agradecimento. Un e outra acaban de realizar unha obra que se pode calificar de ampramente patriótica.

Gracias ao seu esforzo e patriotismo contamos xa co libro que tan impescindible víñase facendo. O libro onde atopamos en todo momento refrexado a grandeza e a realidade da vida de Galicia. Que ese esforzo vénxase coroad como meresce coa axuda de todos en ben da Patria e como acicate para labouras sucesivas. A «Historia sintética de Galicia» non pode fallar en ningún fogar galego para insíño de xeneracións presentes e futuras.

A TOLA DE SOBRÁN, de FRANCISCO PORTO REY.

Unha fermosísima comedia do gabado escritor arousán que fora representada fai algúns anos pero que non estaba divulgada como meresce. Fora estrenada pol-a «Escola drámatica galega» da Irmandade cruñesa. Aquela institución de verdadeira lembranza groriosa pol-a enorme labor que realizou pol-o desenrolo do teatro galego. Tiñaa no seu poder a Irmandade e continuando a sua obra de divulgación galeguista a Editorial NÓS lanzaa á publicidade. Meritoria labor que meresce aprauso. Á «A Tola de Sobrán» seguirán outras, todas a precios reducidísimos para que estén ao alcance dos cadros de

decramación que hai en Galicia e poidan leval-as ao taboado.

A seguido pubricamos o prólogo que para «A tola de Sobrán» fixo o noso querido irmán e mestre Antón Villar Ponte; por él verán os nosos leitores o que é a obra e o pensamento que inspira a publicación teatral que agora NÓS inicia.

O prólogo dí así:

A Editorial «NÓS», que ven resolver un serio problema na Galiza—o d'impedire que fiquen inéditas os bós libros escribidos na doce lingua materna—con este volume que hoxe sai á luz da publicidade inicia uns propósitos tan dinos de loubanza como son os de termar d'imprentar, para que se non esmorezan no esquenamento, todas aquelas obras de teatro galego que se teñen levado á escena algunha vez, sin pasaren antes pol-o prelo, ou que pasaron pol-o prelo pro sin se repersentar, contidas en folletiños xa esgotados fai tempo.

«A Tola de Sobrán», que ofércese n'este volume, pertenece ás da primeira categoría citada. Non s'imprentou en ningures, inda que estrenada na Cruña anos atrás, foi ouxeto de loubanzas dos xornaes e do público que a coñeceu d'aquela. Loubanzas moi xustas, de certo, xa que se trata d'unha peza de literatura escénica que si cecais é pouco hábil ás vellas no que fai ó que chamamos no argot teatral «manexo dos monecos», en troque posee verdadeiras belezas de léxico e inxenio axeitadas a unha fábula orixinal. Pouco habería con todo que arranxar n'ela para que puidera chamárselle, amén de boa obra literaria, excelente obra «teatralizada». Francisco Porto Rey, seu autor, probounos co «A Tola de Sobrán» como nol-o ten probado n'outros libros que é poeta e agudo literato, dino de sínceiras gabanzas, capaz de fuxir da vulgaridade valéndose das velaiñas ás d'una requintada inspiración, para voar outo. Axina vos convenceredes do que fica dito.

Mais non matinamos loubáremos n'estas liñas a obra de referencia. Ela terá de se loubar por si mesma. O ouxento d'estas liñas é outro moi diferente: o de lles render unha xusta lembranza agarimosa a un feixe de rapaces da «Irmandade da Fala» da Cruña, que fai xa alguns anos, baixo a dirección de Fernando Osorio, orgaízaran un Conservatorio de Declamación Galego que tivo momentos moi felices, levando á escena comedias e dramas de Cabanillas, Lameiro, Chirón e Hermida, Lugris, Carré, López Abente, Comellas, San Lois Romero, Rodríguez Elias, Quintanilla, eisi como diversas obras portuguesas, e algunas de Molière—«O Avarento»—, de Shakespeare—«As alegres comadres de Windsor»—, d'Strindberg—«O Pai»—, d'Aristófanes—«Lysistrata»—, entre outras de sona universal traducidas á nosa lingua. Cousa que compre decir, para fixar este feito da historia da cultura enxebre diante dos ollos das xeneracións novas, e para que sepan os que agora toman posto d'honor nas fías do galeguismo, que na Cruña houbo antano un tencionamento do Teatro Íntimo, levado a efektividade, que xa tivera como precursora a Escola de Declamación i Rexional, cuio proeiro chamábase Jambrina, e que non somentes na urbe herculina, senón fora d'ela—in Compostela, Ferrol, Lugo e outras vilas—actuou con risoño éxito.

Sabido que ningún teatro, en ningures, xurdeu nin xurdirá por xermolo espontáneo. E o teatro galego, pol-o mesmo, inda ten moito camiño que percorrerá para chegar á madurez. Hoxe, emporiso, cecais conte xa con algunas obras que poden emparellarse con outras de semellante xeito da anterxa literatura escénica castelán. Con todo apenas saiu deica agora d'an abrente ateigado d'esperanzas. Para ter o seu «medio cl.» cedo é pol-o d'hoxe. Mas impórse andando o tempo, si l'emprestan atención e agarimoss queenes deben d'emprestarillo e si logramos crear un cadre de declamación —pois esto parécenos fondamentalísimo— capaz de repersentar as nosas obras de xeito asía 'o. Cando sin termos actores xurden obras arreo ¿que non sería si os tivéremos n'algúres? Este problema dos actores, para Cataluña inda hoxe pouco doadó, mais difícil ha ser para nós, pol-a falla d'unha gran urbe. De contar a Galiza cunha cibdad com'a de Barcelona, o teatro galego —tédeo por seguro— na data actual ollariase vizoso.

Pesi-a todo, suas posibilidades de rexurdimento son moi-tismos e compre que asin sexa, pensando no desenrolo que hoxe conquítreu o teatro na irman Irlanda, a base de temas lexendarios e raciales, e pensando tamén que a primeira traxedia que se fixo na Hespáña foi obra d'un galego —Bermúdez de Castro— e foi escribida en lingua galega.

ANTÓN VILLAR PONTE.

Lea vostede NÓS

PENSEMOS SERENAMENTE

Encol da Exposición do Libro Galego

Alguén co millor dos tencionamentos ceibou a ideia de orgaizar unha Exposición do libro galego dirixida pol-o Seminario d'Estudos Galegos de Compostela. Refirímonos ó redactor-corresponsal do *Pueblo Gallego* de Vigo na cibdade do Apóstol que é o que leva proposto somellante cousa en varios artigos, dinos de louba dende logo, pol-o nobre sentimento patriótico que vai ateigado n'eles.

Mais, nosoutros, témonos que mostrar en contra da dita iniciativa por razóns das que resulta ben doadó decatarse, con só insinuálas apenas.

O rexurdimento da prosa galega escomenzou ainda fai moi poucos anos, loitando nos primeiros tempos co'a falla d'editores para ofrecela en volumes imprentados e co'a hostilidade tamén de moitos dos nosos propios conterráneos que cometían a parvada de coidal-a língua patria como axeitadísima no verso, ou nos contos festivos e rústicos, pro non n'outra crás de literatura.

Inda é cedo, pois, para faguermos unha Exposición dos nosos libros; porque si ben resulta certo que xa se leva escrito moito en prosa enxebre, cáseque toda se contén en libros pequenos, que pol-o apretado das suas riñas de letra imprentada, mais aparença teñen, na maioría, de folletos que verdadeiros libros. Non contamos tampouco cáseque con ningún volume feito con eleganza, realmente feituco. Pol-o mesmo, de se chegar á Exposición, as comparanzas d'ela co'a Catalana, deixaríannos cecais no rídiculo. A propia Cataluña se non lanzou á empresa xurdia do certame dos seus libros, ata que a «Fundació Bernat Metge» sacou do prelo un bô número de volumes de literatura crásica, que é o mais serio que se fixo na Hespaña.

Pénsese, pois, moito n'isto para termar de non dare unha pegada en falso, que podería facernos moito mal. Non'os cegue a paixón, impidíndonos ollar a realidade de xeito craro e sereño.

Unha Exposición do Libro Galego, pol-o d'agora, de ningunha maneira. En troques, coidaríamos interesante que o Seminario d'Estudos Galegos xuntase cantos libros, folletos e revistas, bôs e cativos, se teñan publicado ata hoxe escrividos na nosa língua. A tarefa, inda que non moi dada, tampouco é difícil. Esa colección compreta, ou o mais completa posibel, tería de ser útil por moitos conceitos, e coidamos que compre facela axiña, pois logo o traballo d'intentala resultaría moi maor.

A Exposición do libro virá despois. De seguirmos pol-o camiño que hoxe levamos, aló dentro d'unha dúzia d'anos a ideia do corresponsal do *Pueblo Gallego* en Santiago, cecais peida xa caillar a satisfaición de todos e para honra da nosa língua renaciente. Pol-o d'agora—repetimos—parécenos inda moi cedo. Pro se nos achamos trabucados—que non temos fachenda d'infalibeis—que falen encol do tema os nosos irmáns de mais outo prestixio.

Este número foi revisado pol-a censura

LECTURAS

VIRIATO, Edizón da Renascença Portuguesa.

A Renascença Portuguesa ven de publicar iste libro do alemán Adolf Schulten traducido ao portugués por Alfredo Ataíde, con un prefacio do profesor Mendes Correa

Un estudo perfeito do nacemento vida e feitos do pastor-guerreiro galaico-portugués. Moi intresante todo él para o conosemento d'este héroe popular gran guerreiro e bon patriota. Fai ben a Renascença en escrarecer a verdadeira patria de Viriato que outros historiadores téñense apropiado para si. Viriato nasceu e tivo como teatro das suas guerras a parte Sul da Galicia e

Pida a NÓS

Real, 36-1.^º A CRUÑA

Historia Sintética de Galicia
por Ramón Villar Ponte 5 pesetas.

Dibuxos en Linoleum
por Xaime Prada 2'50.

Estebo
novela por Xosé Lesta Meis 3'50.

A Rosa de Cen Follas
poesías por Cabanillas 2'50.

Margarida a da sorrisa
d'aurora
conto por Evaristo Correa Calderón 0'50.

A tola de Sobrán
comedia n'un acto por F. Porto Rey 0'80.

AXIÑA APARECERÁN

Pelerinaxes
por Ramón Otero Pedrayo.

Obras teatraes
por Antón Villar Ponte, Xavier Prado (Lameiro), López Abente, Suárez Picallo e outros.

A escadeira de Xacob
novela por Eduardo Blanco Amor.

O Mariscal
2.^a edición, por Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte.

Norte do Portugal, a parte do pobo irmán que ainda hoxe garda semellanza, casi igualdades con Galicia.

Agradecemos e todo o seu moito valor o exemplar que a Renascença tivo o ousequio de nos adicar.

PENEIRANDO

Na Cruña vaise facer unha nova Casa de Correios. Vai na misa que o desexo de facel-a é unha espranza cruñesa. Ao fin parece que vai ser un feito. Imos deixar a unha beira que vai ser instalada n'un lugar que non nos parece o mais axeitado e que a cantidade que n'ela vaise a invertir non dará para facer o que á capital de Galicia lle corresponde.

Pero ocúrrenos que Santander ten unha Casa de Correos que é de puro estilo montañés, León de carácter netamente castelán e así outras. E despois do dito ténsenos que ocurrir tamén que a da Cruña debería ser tamén ergueita con arreglos á arquitectura galega.

Brindamos a idea a quen corresponda anque dende logo desconfiados, a cousa non é para menos pois feitos anteriores cantan, de que se faga algo no senso que indicamos.

Como de nós non depende témonos que limitar a cumplir co noso deber e noso deber mandamos falar como falamos como consecuencia da nosa constante preocupación polas cousas que a Galicia e aos pobos galegos lle interesan.

* * *

Ainda no derradeiro número adicámosselle un Peneirando a «El Orzán» e hoxe vém-nos obrigados a lle adicur outro. O xornal cruñés estanos saíndo arrán.

O outro día un tal «A» decía un feixe de parvadas sin vir a conto falando do odio do nacionalismo galego hacia Castela. O señor «A», que non sabemos quen poida ser nin nos importa, se cadra creeu que descubría un novo Mediterráneo ao falar a estas alturas de semellantes cousas das que xá ningúen se preocupa. Fai varios anos ao comenza do

nacionalismo galego foi un tema de autualidade que esgrimiron inconscientemente como arma de dous fios os nemigos do nacionalismo mais xá entón ficou perfeitamente acrarrado como para non meneallo.

Resucitar o tema resulta estúpido.

Hoxe ao nacionalismo galego intrásalle moi pouco Castela na forma que o tal «A» fala.

Si hai motivos ou non de odio e si Rosalía tivo ou non tivo razón nos seus versos memorábeis xa está d'abondo debatido. «A» terá a súa opinión pero nós temos a nosa que non nos dá a gana de espricarlle. Hai outras cousas que nos preocupan mais. Pero non estaría de mais que se enterara de certas cousas como son un «Peneirando» do número anterior encol do xogo de poker e ainda n'este número do artigo do señor Balboa e moitas outras cousas que son detalles.

Bei muídez Peña no «Pueblo Gallego» díxolle algo do moito que se lle podería decír encol do tema mais non val a pena perder moito tempo n'estas cousas.

O tal «A» como da outra vegada Fernández Asís viven no limbo.

* * *

D'unha maneira compretamente teórica venise falando a cotío do liberalismo. Que hai que facer ésto, qué hai que facer o outro...

Ganas de perder o tempo e non facer nada.

Hai outras ideas de índole entieramente liberal e democrática pero que se titulan d'outra maneira que por virtude do estado actual están tamén imposibilitadas de acción e mais emporiso na forma que poden, pouco ou moito, autuan e traballan.

O movemento demóstrase andando e non abonda con ser. Hai tamén que parescer.

Margarida, a da sorrisa d'aurora

(Proseguimento)

—Douche a minha chouza, n'uma pena. Dareiche co tempo os anhos brancos e tenros, para tí jogar co-eles. Sei esconjuralo trono, pol-a medinzón da Santa Bárbara bendita. Non tenho medo aos lobos, Tenho un cán que é mais fero que eles. Tén uns olhos brillantes como joias!

—¿E tes curazón?

—Quedouseme irto n'uma noite de giada. Como non tinha calor de ninguén...

—Pois logo...

—E que a tua sorrisa enfeitizome...

—¡Non pode ser!

Foise o Pastor tras da facenda, cantando uma cántiga do país, lonjana e malencólica.

Margarida seguiuno coa mirada.

Cada día, Margarida ponhiase mais feiticeira e fidalga, pero ianselhe facendo mais tristes os olhos.

—¿Qué tés, minha filha?

—Qué hei de ter minha mae?

—Cóntame ise segredo.

—É que penso que me vou quedar solteira.

—Non penses n-eso que ja virá se ten de vir.

—¿Quén? Eu non sei o que desevo...

Nisto chamaron á porta.

—¿Quén vae?

—¡Dénme un gotinho d'auga, que venho de longas terras!

Era un bohemio rapaz e garrido.

Baijou Margarida e déulhe a beber pol-a cunca.

El detívose a olhala.

Margarida perguntoulle:

—¿I-él ven de moi longe, logo?

—Eu pasein por todol-os caminhos, levando a ledicia para os mais. Nas bodas eu canto versos nupciaes, nas festas familiares eu improviso os versos festivos, para os guerreiros que volven do trunfo fago epinicios sonoros, para os namorados fago serenadas de pasión, para as rapacinchas loiras sempre tenho a minha ofrenda lírica. Eu son o Poeta na vida. ¿Sabes qué é ser Poeta? Son o caminhante o home triste que vae espalhando ledicia para os mais.

Calou entristurado.

—Pero para que falarche das minhas penas? Tí serás felis, i-eu venho a entristurar-te. ¿Cómo te chamas tí?

—Margarida—e pújose colorejada de rubore, como uma rosa—¿E para que o quere saber?

—¡Para levar comigo o teu recordo!

O Poeta tinha a fronte crara, longos cabelos mouros, os olhos pretos e profundos e a sua voz cantaba.

—Margarida ¡Tés un nome belido! Vouche a decir un cantar, para tí somentes:

«Ben pouca cousa eu pedira:

Ledicia, sol e virtude

n-uma mulher que sorrirá!»

—¿Magináchel-o tí?

—¡Saíu do meu curazón!

—¡Ai! ¿Tí tés curazón?—e pujéronselhe mais vermelhas as fazulas.

—Por télo son Poeta, ¡Encheme todo o peito! Non se pode vivir tendo curazón. É uma doença que ha que occultare con vergonha. ¡Pobre d'aquéll que ten curazón!

—Eu agardaba a alguén...

—Vóume logo...

—Agarda un instantinho ainda.

—Vóume. Somentes tenho curazón, i-é bén pouca cousa para poderch'a ofercer. As mulheres aspirades a un príncipe, a un mercader ou a un pastor. Endejamais a un poeta. E un poeta tén tantos tesouros no peito! Quen seja a minha amada ten de seguir a minha vida errante por todol-os países, ten de ser rica ou probe, según o seja eu. ¡S'eu tivera o ouro do Rei! Pero son un probe poeta pelegrino... Agora quijera ter algo divino para podercho ofercer. Houbéracho oferecido todo, a minha vida e os meus tesouros. ¡Tes una sorrisa lumiosa!

—¡Ai de min! ¡Tí és a quen agardaba!

—Si son eu a quen agardas, ¿quéreste casar comigo?

Ela baijou a cabeza, e o Poeta déulhe uma aperta.

A velha que ouvira todo, baijou amodinho chegou até d'eles e dijolhe:

—Senhas benvido. Entrégache uma margarida inocente e singela como as da campia.

Aos poucos días casáronse para sempre.

Pero velehí que caíu doente o Rei.

O Rei do País da Felicidade era un rei moi bó, moi velhinho e tinha as barbas brancas. Todol-os seus súbditos lhe querían muito.

Uma serán, arrodeado dos seus cortesáns, decatouse de que non pensara en quén o ía soceder.

Como ainda tinha siso, dijolhe aos que o arrodeaban.

—Non tenho filhos nin sobrinhos, nin nada. O único filho que tinha despareceume cando era neno. Quen m'ha de soceder?

Todos o miraron con cobiza, dicindo para o seu intre:

—¡Eu! ¡Eu! ¡Eu!

Como ninguén contestaba, dijo o Rei, que era moi cuco e moi picaro.

—Como ninguén de vosco querería ser Rei...

Os cortesáns se rian con risa do coelho, dicindo:

—Boeno. Si. A verdá. Ja que vosté quere...

—Como ninguén de vosco querería ser Rei... e como ninguén de vosco serviría para selo, vou nomear uma Reinha.

Pújose a falar en vos bajia co seu Copeiro Maor, que era en quén tinha mais fiducia.

As poucas horas andaba pol-a rua un pregoeiro:

«¡Tararí!»

A Sua Magestade o Rei—que Deus garde moitos anos—nomeará Reinha ao él morrer, a mulher do seu Reino que tenha a sorrisa mais belida.

As que tenhan mentes de sere nomeadas, deberán ire ao Pazo Reial, dende as dez da manhã, todos estes días.

«¡Tararí!»

O outro dia o Pazo Reial estaba cheo de un fato de mulheres, todas querían ser Reinas, e tirábanse dos cabelos umas ás outras.

Ao ouvir o pregoeiro, o Poeta dijolhe a Margarida:

—¿E porque non vas? Vai, mulher, vai. O Rei quérese divirtir, pero, quizabes...

Cando o Salón de Aitos do Pazo estaba cheo de mulheres, saiu o Rei e sentouse no seu trono, que era todo de prata; e dijolhes:

—Mandeivos vir, porque quero dejar sucesor enantes de morrer.

O único filho que tinha, roubáronmo fai moito tempo, cando era pequeninho. Vosou-tros sabedes que ofereín a mitade do meu reino ao que m'o trouguera. Ja debeu morrer... e pújose moi triste.

Pois ben. Eligirase Rainha á que tenha a sorrisa mais belida.

—Créredes que estou tolo? Pois ainda tenho siso.

A sorrisa e a mesma i-alma que sal aos beizos. Quen tenha uma fermosa sorrisa terá uma raiosa alma.

E para gobernar o País da Felicidade abonda con ter uma linda alma.

Dijen.»

Diante d'un Tribunal de Doutores graves e barbados, escomezaron a pasar os centos de mulheres.

Umas vinhan ainda tisnadas da cocinha, pois non tiveran tempo siquer de se lavar a cara, e ao chegar insinhaban uns dentes amarelos.

Outras tragúfan o pelo revolto, e vinhan berrando.

Os doutores ao verlhes a cara, decíanlhes:

--Pode ir saíndo que ja a chamaremos.

Outras veces os Doutores, dicíanlhes:

—¡E vosté moi velha!

—¡Muitas gracias pol-a frol!

—Non é frol que é verdade. Vosté ten douscentos anos pol-o menos.

Estiveron pasando noite e día, durante dez días, todal-as mulheres do Reino. Todas se crían as mais fermosas.

Os Doutores, de entre todas elas somentes arredaron cinco.

Uma tinha a Sorrisa d'ouro.

Outra, a Sorrisa d'esmeralde.

Outra, a Sorrisa d'orvalho.

Outra, a Sorrisa do rubí.

Outra, a Sorrisa d'Aurora, que era Margarida.

Cando se foron as mais, baijou o Rei do Cuarto, e pújose a miralas con detenimento. Despois de dar muitas voltas diante d'elas, dijo:

—Todas me gostan muito, pero esta me gosta mais. Esta será a Rainha do País da Felicidade.

Sinalou a Margarida, e deulhe a mau. Despois levouna até a solaina do Pazo, que daba á rua mais principal, e amastrouna ao povo que estava agardando.

O povo aledouse moitismo, porque todos querían ben a Margarida e porque ela se facía querer. Somentes algumas mulheres non foron conformes do todo.

Cando estaban na solaina, Margarida esvaiuse de emoción nos brazos do Rei.

Estoncias o Rei dijolle as outras escóleitas:

—Vosoutras seredes as suas azafatas.

Entre todas levárona ao leito, e mandaron a buscar ao Poeta. Ao chegar, quedouse moi sorprendido, pois non sabía nada.

Ao ver a Margarida desmaiada, bicouna na fronte, e dijolle:

—¡Esperta lus dos meus olhos!

O Rei, que andaba por ali, pújose a cavalgar:

—¡Cómo se parez o Poeta ao fillo que perdin! Fáime lembrar de él. Parescen os mesmos olhos. Se vivira tería a mesma idade...

Foi cabo d'él e perguntoulhe:

—¿Onde nasciche, Poeta?

—Eu son un home sin patria. No sei onde nascín. Percorrin todo o mundo c'uma caravana de gitanos. Agora venho da India, da Persia, da Rusia, da Hungria, da Italia...

Estoncias a Boa Fada que recolhera a Margarida, foi e dijolle ao ouvido:

—Senhor Rei, non se esqueza de que seu fillo tinha no peito, un trébole de catro folhas...

—Ai, e verdade!

Foise junto do Poeta e perguntoulhe:

—¿Tés alguma sinhal no peito?

—Tenho sobor do meu curazón un rojo trébole de catro folhas. Eu fun sempre o mensageiro da Felicidade...

Aquel día houbo festas e ilumiacións no Pazo Real, e tres anos despois o Rei velhinho jogaba nos jardís reás c'un neto que ainda non se tinha ben.

EVARISTO CORREA CALDERÓN.